

O pasado 21 de febreiro cumpríronse cincuenta anos da morte, por sete disparos, de Malcolm X mentres pronunciaba un discurso no Audubon Ballroom de Nova York. Unha morte que resultou sospeitosa malia que a versión oficial considerou que foi obra dunha organización rival á súa.

Nacido en 1925, Malcolm X era fillo dun ministro baptista seguidor do teórico do nacionalismo negro, Marcus Garvey, e dunha avogada. O activismo dos seus pais provocou que tivesen que marchar de Ohio a causa das ameazas da Black Legion, organización supremacista fundada naquel estado na década dos trinta. Finalmente, Earl Little foi asasinado por membros do Ku Klux Klan, a consecuencia do cal a nai de Malcolm, Louise, tivo que ser internada nun centro psiquiátrico.

Despois de ser acollido


por unha familia de Michigan, Malcolm Little marchou a Boston. Alí a súa vida pasou a estar vinculada á actividades delituosas. Xa na cadea e despois de deixar as drogas, comezou a estudar e integrouse en Nación do Islam (NOI), grupo de obediencia musulmá, que defendía a superioridade étnica dos negros (o primeiro Alá sería de

cor e os brancos configurarían unha invención xudía). Unha vez libre, foi promovido a ministro da organización en 1952. Daquela adoptou o alcume “X” en homenaxe ao apelido descoñecido dos escravos negros e promoveu o orgullo negro e a identidade política dos seus irmáns, no seo da loita polos dereitos humanos. Xa daquela o FBI pa-

Orgullo negro

50º cabodano de Malcom X

JOAQUIM VENTURA



Atletas do “Black Power” nos Xogos Olímpicos de México (1968).

sou a consideralo “comunista”.

Despois de entrar en conflito con Elijah Muhammad, o líder de Nación do Islam, que xa pensara en asasinalo, Malcolm X fundou Mezquita Musulmá como maneira de superación da redención individual que NOI propugnaba e das limitacións da campaña polos dereitos civís liderada por Martin Luther King. En 1964 viaxou a diversos países de Oriente Próximo, incluída a preceptiva peregrinación á Meca, despois do cal adoptou un islamismo ortodoxo, abandonou o racismo de NOI e pasou a defender un nacionalismo negro.

Estes presupostos quedaron superados cando aquel mesmo ano viaxou a África e coñeceu a Nasser, Nyerere, Krumah e Kenyatta, e pasou a promover, coa Organización pola Unidade Afro-Americana, de liña laica e socialista, a loita contra o imperialismo norteamericano. Malia o aviso á policía feito por axentes do FBI infiltrados en Nación do Islam, foi asasinado por membros do grupo de Muhammad.

Os beneficiarios auténticos foron outros. Malia que a campaña promovida por Martin Luther King mobilizou a centos de millares de persoas, non excedía os límites do sistema fundado por George Washington, dominado polo arquetipo WASP. Incluso outras alternativas relixiosas, como a católica (os xudeus serían caso aparte), estaban vinculadas a determinados grupos brancos pouco permeables pola súa condición nacional de orixe (irlandeses, italianos, polacos). Por iso, fronte ás confesións evanxelistas autónomas, que acollían á maioría dos negros, o islam aparecía como unha ferramenta de identidade das orixes africanas fronte á supremacía branca e cristiá chegada de Europa.

A violencia fixo que a contestación negra radical fose vista desde o goberno como subversiva, como sucedeu co grupo dos Panteras Negras, nacido ao ano seguinte da morte de Malcolm X. Se ben a violencia deste sempre foi verbal, del colleron a idea da autodefensa, ademais das teses panafricanistas do martinicano Frantz Fanon.

Os recentes sucesos de Ferguson (Misuri) evidencian que aínda estamos lonxe dunha convivencia normal entre cidadáns norteamericanos de diferente orixe e diferente cor. Mostra diso son as estatísticas da poboación penitenciaria, cunha relación inversamente proporcional entre brancos e negros verbo da súa presenza na sociedade.

Abandonou a Nación do Islam (NOI), defendendo logo o nacionalismo negro

En 1964 viaxou a África e coñeceu a Nasser, Nyerere, Krumah e Kenyatta, pasando a promover a loita contra o imperialismo norteamericano

Malcom Little, “Malcom X” (1925-1965).

O movemento de contestación dos negros norteamericanos ten que ser encadrado en dous vectores principais: as independencias africanas e a loita polos dereitos civís. E se temos un símbolo nas persoas que o lideraron (M. L. King, Malcom X), a imaxe mediática chegou con persoeiros que formaban parte da cultura popular, os deportistas especialmente.

En 1967 Muhammad Alí (antes Cassius Clay) ingresara en Nación do Islam e negouse a participar na guerra do Vietnam por obxección de conciencia. O seu argumento era cla-

ro: os vietnamitas nunca fixeron dano aos negros. Tal decisión supuxo que a súa licencia de boxeador fose anulada.

Atletas con luvas

Pero foi en 1968, durante os Xogos Olímpicos de México, cando o chamado “poder negro” (black power) tivo a súa manifestación máis coñecida. Durante a entrega de medallas da carreira dos 200 metros, Tommie Smith

(vencedor) e Johan Carlos (terceiro) ergueron o puño cuberto por un guante negro. Tamén saudaron deste xeito os vencedores dos 400 relevos Lee Evans, Larry James e Ron Freeman naqueles xogos e Vince Matthews e Wayne Collett nos de Munich (1972), ouro e prata nos 400.

Fronte as críticas que tal xesto provocou, Smith respondeu: “Se gaño, son americano, afroamericano, pero se fago algo censurable daquela son un negro. Somos negros e estamos orgullosos de selo. A América negra entenderá o que fixemos aquela noite.”